

CALENDARIO ELECTORAL DAS ELECCIÓNS DE REPRESENTANTES DOS FUNCIONARIOS PÚBLICOS NA XUNTA DE PERSOAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

12 de abril. Inicio do proceso electoral coa constitución da mesa electoral ás 12:00 h da data sinalada polo promotor,

13 de abril. Exposición no taboleiro de anuncios e na WEB do Parlamento de Galicia do censo electoral provisional coa listaxe de persoas electoras e elexibles, durante un mínimo de 3 días.

18 de abril. Remata a exposición do censo electoral provisional

19 de abril. Día para a presentación das reclamacións perante a Mesa electoral, contra a inclusión ou a exclusión de nomes da lista provisional

20 de abril. Día para a resolución das reclamacións, publicación do censo definitivo e fixación do número de representantes a elixir

21 de abril. Comeza o prazo de 9 días hábiles para a presentación de candidaturas

4 de maio. Remata o prazo para a presentación de candidaturas

8 de maio. Proclamación das candidaturas e a súa publicación no taboleiro de anuncios e na WEB do Parlamento.

9 de maio. Día para a presentación de reclamacións contra a proclamación de candidaturas.

10 de maio. Día para a resolución das reclamacións e para a proclamación definitiva das candidaturas. Publicación no taboleiro de anuncios e na WEB do Parlamento de Galicia.

11 de maio. Iniciase a campaña electoral, que rematará o **22 de maio ás 20:00 h**

12 de maio. Remata o prazo para solicitar o voto por correo

23 de maio. Constitución da Mesa electoral ás 8:30 h. Celebración das **eleccións, entre as 9:00 h e as 14:00 h**. Ao remate realizarase o recuento de votos en acto público e asinarase a acta correspondente.

24 de maio. Publicación do resultado das eleccións no taboleiro de anuncios e na WEB. Día para a presentación de reclamacións perante a mesa electoral

25 de maio. Día para a resolución das reclamacións

26 de maio. Remata o prazo para remitir-lles a acta do escrutinio á Mesa do Parlamento, ás organizacións sindicais que presentaron candidatura e aos representantes electos e para remitir-lle á oficina pública o orixinal da acta xunto coas papeletas de votos nulos ou impugnados polos interventores e a acta de constitución da mesa

26 de maio. Publicación dos resultados no BOPG e expedición de certificacións da condición de persoa compoñente da xunta de persoal. Remisión da documentación á oficialía maior.

O horario de rexistro do Parlamento é de luns a venres, de 9:30h a 14:00h e de 16:30h a 18:30h. Os sábados o horario é de 10:00h a 13:00h